

RESOLUCIÓN REITORAL DO 17/12/2018, POLA QUE SE PRORROGA PARA O EXERCICIO 2019 A RESOLUCIÓN REITORAL DO 31/05/2018, POLA QUE SE ESTABLECE O IMPORTE EXCEPTUADO DA FISCALIZACIÓN LIMITADA PREVIA NOS EXPEDIENTES DE GASTO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

ANTECEDENTES

Con data do 31/05/2018 publicouse a resolución reitoral pola se establece o importe exceptuado de fiscalización limitada previa nos expedientes de gasto da Universidade da Coruña. No seu apartado 4.º establécese a vixencia desta resolución ata o peche do exercicio económico 2018, agás prórroga expresa antes desa data.

En vista do que antecede, e ao abeiro do establecido no artigo 34 dos Estatutos da Universidade da Coruña, **RESOLVO:**

Primeiro. Prórroga da Resolución reitoral do 31/5/2018:

Prorrógase para o exercicio 2019 a Resolución reitoral do 31/5/2018 pola que se establece o importe exceptuado de fiscalización limitada previa nos expedientes de gastos da Universidade da Coruña.

Os expedientes de gasto exentos de intervención previa someteranse ao plan de control posterior.

Segundo. Vixencia

A vixencia desta resolución será ata o peche do presente exercicio económico 2019, agás prórroga expresa antes desa data.

Terceiro. Disposicións da Xerencia e da Vicerreitoría de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade (VEIS).

No ámbito da súa competencia, a Xerencia e a VEIS poderán ditar as instrucións que correspondan para o desenvolvemento e a execución desta RR.

Disposición final

Esta resolución publicarase no Taboleiro da Sede Electrónica da UDC e entrará en vigor o día da súa publicación.

A Coruña, 17 de decembro de 2018

O reitor

Julio Ernesto Abalde Alonso